

## ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA

*Artigo 1º.—Fundamento e natureza.*

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 27 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo do Punto de Atención a Infancia do Concello de Forcarei (PAI), que se rexerá pola presente Ordenanza.

*Artigo 2º.—Feito imponible.*

O feito imponible o constitúe a prestación do servizo pola asistencia dos menores que previa solicitude dos seus pais ou titores, cumprindo os requisitos legais, sexan admitidos no PAI.

*Artigo 3º.—Suxeito pasivo.*

Son suxeitos pasivos:

1. Os pais ou titores en canto representantes legais dos menores que se matriculen e reciben asistencia no PAI.
2. Quen solicita a matrícula do menor.

*Artigo 4º.—Responsables.*

Os pais ou titores e aquelas persoas que ostentan a representación legal do menor ou solicítasen a matrícula do menor.

*Artigo 5º.—Contía – Cotas complementarias.*

1. A cota tributaria, determinarase por unha cantidade fixa, de acordo coas seguintes tarifas/ mes:

- a) *Xornada completa:* 100 €
- b) *Media xornada:* 50 €
- c) *Matrícula:* 25 €

O neno matriculado estará vinculado á praza durante todo o ano.

*Artigo 6º.—Beneficios fiscais.*

1. Segundo as circunstancias da unidade familiar, das cotas resultantes de aplicar as tarifas establecidas realizaranse os seguintes descontos:

- 20% no caso de nenos/as que pertencen a unha familia numerosa.
- 20% no caso de nenos/as que pertencen a unha unidade familiar monoparental.
- 20% no caso de asistencia dalgún irmán ó mesmo centro. No caso de que estes irmáns nacerán en parto múltiple, o desconto será dun 30% por cada neno/a.

Os descontos anteriores, cando se dan nunha mesma persoa, serán acumulables.

2. Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ó día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50%.

*Artigo 7º.—Devengo.*

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se resolva favorablemente a solicitude de prestación do servicio.

*Artigo 8º.—Liquidación.*

No primeiro período a liquidación se realizará cando se resolva favorablemente a solicitude de prestación do servicio.

*Artigo 9º.—Ingreso.*

O pagamento desta taxa realizarase: \* Na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación do 1 ao 5 de cada mes por anticipado.

*Artigo 10º.—Infraccións e sancións.*

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e na normativa de desenvolvemento.

Disposición final.

A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 18 de novembro de 2005, entrará en vigor a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e manterá a súa vixencia ata tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.”

O que se fai público aos efectos previstos nos artigos 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e 17.4 da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais.

18/11/2005 aprobada polo Pleno